

Segundo o calendario escolar 2017/2018 aprobado polo Consello de Goberno do 5 de abril de 2017 o calendario será único para os estudos adaptados ao EEES e os que se atopen en proceso de extinción. Sen embargo, a petición dos centros, excepcionalmente poderán concederse modificacións nas datas acordadas trala comunicación á Secretaría Xeral da Universidade.

Segundo isto, e unha vez recibida a petición de modificación de calendario, do decano da Facultade de Ciencias e o coordinador do Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental, esta **SECRETARÍA XERAL**

**Autoriza a facer a seguinte modificación, no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental:**

- 1.- **fixar a data dos exames das materias P2042106 Auditor e P2042107 Toxicoloxía Laboral o 28 de outubro de 2017, considerando que a docencia destas materias vaise dar de forma intensiva ao principio de curso.**
- 2.- **Ampliar o segundo período lectivo, da materia P2042105 Coordinador de Seguridade e Saúde na Construción, ao 26 de maio de 2018.**

Comunicáselle que os períodos de apertura e peche de actas serán segundo as establecidas no calendario académico oficial para o curso 2017/2018.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017

  
A SECRETARIA XERAL  
  
Consuelo Ferreiro Regueiro

**DECANO DE FACULTADE DE CIENCIAS, COORDINADOR DO MÁSTER EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E SAÚDE MEDIOAMBIENTAL, VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR, VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA, XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA, XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**